

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 11180** *Real decreto 862/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, no cal se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.*

O Fondo para Investimentos no Exterior da Pequena e Mediana Empresa (FONPEME) está regulado pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificada pola Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2006, e polo Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa, en diante Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro.

Actualmente o punto un do artigo 8 do Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, impón o principio de cofinanciamento entre o FONPEME e a Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento, COFIDES, Sociedade Anónima (COFIDES), cando o proxecto para o cal se solicite financiamento se localice nun país en que poida operar COFIDES, isto é, en países emerxentes ou en vías de desenvolvemento, establecéndose un limiar mínimo de cofinanciamento de COFIDES do 25 por cento.

A experiencia demostrou que o principio de cofinanciamento (que non existe no caso do Fondo para Investimentos no Exterior, isto é, o FIEX) establece un elemento distorsionante no que se refire aos obxectivos para os cales foi creado o FONPEME como instrumento de apoio oficial á internacionalización.

Así, co fin de evitar esta restrición ao cumprimento dos obxectivos do FONPEME cómpre, primeiro, establecer o carácter potestativo do cofinanciamento entre o FONPEME e COFIDES e, segundo, suprimir o limiar mínimo do cofinanciamento do 25 por cento de COFIDES, de modo que o fondo poida financiar en solitario proxectos economicamente viables localizados en países en vías de desenvolvemento ou subdesenvolvidos.

Para pór en práctica esta medida, faise necesaria a modificación da actual redacción do xa mencionado punto un do artigo 8 do Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, no que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.*

Modifícase o punto 1 do artigo 8 do Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa, que queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Límites á participación do Fondo para Operacións de Inversión no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.*

1. A participación do fondo nas empresas constituídas no exterior farase sempre en réxime de cofinanciamento coa empresa promotora do proxecto de investimento no exterior.

Cando o proxecto obxecto de financiamento se localice nun país en que poida operar a Compañía Española de Financiamento ao Desenvolvemento, COFIDES, Sociedade Anónima, a participación do fondo poderase facer, se o aproban o Consello de Administración desa compañía e o Comité Executivo do fondo, en réxime de cofinanciamento con ela, con idénticos ou distintos instrumentos financeiros. Dentro deste réxime poderanse fixar esquemas de remuneración distintos para cada un dos instrumentos de apoio. A porcentaxe de financiamento de COFIDES nas operacións cofinanciadas co FONPEME será decidida caso por caso polo seu Consello de Administración.

Naqueles casos en que o FONPEME, por decisión do seu Comité Executivo, asuma o financiamento dun proxecto sen o cofinanciamento de COFIDES, observaranse os mesmos procedementos e garantías que se exigen normalmente para a participación de COFIDES.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turisme e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN